

Consolidación e impulso dunha gran tradición

O barrio de Conxo volverá a celebrar as súas festas de setembro. Grazas ao traballo da mesma comisión organizadora, non só conseguiron manter un curso máis esta tradición, que se perdía durante tres anos, senón que a maiores conseguen aumentar unha xornada a duración da mesma, comezando hoxe xoves, como se facía hai moito tempo. Un amplo programa, adaptado a tódolos públicos e idades, completará a oferta lúdica destes días festivos.

Esta troula tan agardada polos veciños e veciñas arrincará esta noite coa verbena inaugural, a partir das 22.30, coa Cinema. Esta agrupación animará este comezo, o cal seguirá mañá coa celebración da segunda edición dos Cantos de Taberna, a partir das 20.00. Un total de dez conxuntos e dez establecementos participarán neste certame que exaltará a música tradicional galega ao longo de tres horas.

E como colofón a esta velada, outros dous grupos da nosa comunidade farán vibrar aos amantes do rock. Así, desde as 23.30, subirán ao escenario os composteláns Ruxe Ruxe e Desequilibrio Mental.

A fin de semana entrará coa salva de bombas e o primeiro pasacalles a cargo dos Enxebres de Cacheiras, ás 10.00, nunha matinal na que terá lugar tamén o Campionato de Chave no campo de fútbol. Coa inscrición de balde, os dous mellores contarán con premio dun xamón e un la-



BAIXADA do Rosario da Nosa Señora da Mercé polas rúas de Santiago. Foto: Antonio Hernández

cón, respectivamente, ademais do trofeo. Neste mesmo espazo, a tarde cargarase con opcións para os máis pequenos da casa cun garabato de xogos, clases de baile e soccer skills.

No apartado musical, no vermú tocará Platinum, mentres que ao anoitecer será a quenda dos canarios Furia Joven, orquesta revelación deste verán, e D'Abalar.

Na última data, o domingo, a relixión tomará un papel protagonista co Rosario da Nosa Señora da Mercé, única cita que se

mantivo presente dende os comezos desta festividade. A Baixada, desde o Patio de Madres, sairá ás 11.00 co acompañamento da Banda de Arca e da de Tambores da Confraría do Santísimo Cristo da Paciencia. Nesta comitiva polas rúas da capital, portará o estandarte David Forján Salgado. Ao remate da peregrinación, a igrexa parroquial oficiará unha misa solemne, cantada pola Coral de Esteiro.

Ao finalizar a eucaristía, os centenaes de fieis que se achegarán desfrutarán das

recomendados

Xoves 5

22.30 H. Verbena con Cinema

Venres 6

20.00 H. II Cantos de Taberna

23.30 H. Conxo Rock cos concertos de Ruxe Ruxe e Desequilibrio Mental

Sábado 7

10.30 H. Campionato de Chave

22.00 H. Furia Joven e D'Abalar

Domingo 8

11.00 H. Baixada Rosario da Nosa Señora da Mercé desde o Patio de Madres

13.00 H. Misa Solemne

21.00 H. Costa Oeste e La Bamba

23.30 H. Gran tirada fogos de artificio

BRAIS FDEZ./CONXO

PULPERÍA / CHURRASQUERÍA
FUENTES



Téñenche razzón os pulpeiros
que como o viño deles
non hai no Ribeiro.

Campo de Conxo, 5
Santiago • T. 981 521 007

Meridiano

COMPañÍA DE SEGUROS
SEGUROS DE DECESOS Y GENERALES

SERVICIOS FUNERARIOS

José Ramón García Bravo

(Moncho)

Campo de Conxo, 9 • Santiago de Compostela • Oficina: 981 594 772 • Moncho: 619 735 626
segurosmeridianosantiago@gmail.com

Ca
sa
a
Pajueleira
Comidas

- MENÚ DEL DÍA
- VINOS

C/ Sánchez Freire, nº 81
Santiago
T. 981 524 689
M. 663 050 955

**Carpin
Conxo
S.L.L.**



10 anos
Carpintería de madeira en xeral

Telfs.: 620 727 291 - Marcos
carpinconxo@hotmail.com



**MANOLO
O DE CONXO**

Máis de 30 anos e a nosa garantía

Praza de Abastos • Casilla nº 71-72 • T. 981 581 866
Castiñeiriño • Rúa da Pena, 24 • T. 981 593 163 • M. 679 427 329

Especialidad en:
• CABRAS
• CORDEIROS
• CARNE DE TERNEIRA
GALEGA



JOSÉ RAMÓN GARCÍA

MONCHO

AHORA EN SERVICIOS FUNERARIOS

**POMPAS FUNEBRES
SAN ISIDRO**

Campo de Conxo, 9 - SANTIAGO
mayoyas@wanadoo.es
www.funerariasanisidro.es

INCINERACIONES • SERVICIOS
FUNERARIOS • TANATORIOS
• TRASLADOS (Nacionales
e internacionales) • FLORISTERÍA
(En cualquier punto de España)
• SEGUROS (Aceptamos todas las
compañías)
• ASESORÍA
JURÍDICA

24
HORAS A SU
SERVICIO

619 735 626 (Moncho)
981 594 772 (Oficina)

la casa de

WOL

escuela infantil

MATRÍCULA ABIERTA

C/ Manuel Beiras 13 bajo • Santiago • T. 607 224 444 • www.lacasadekoli.es

ESPECIALIDADES:
Pan Artesán • Empanadas
• Productos Típicos

**PAN
DA
ABOA** s.l.

PRUEBA NUESTRO
PAN ESPECIAL
"FECHÑO"

“Agradecemos o apoio da xente”

LUCÍA LAGO
Comisión de Conxo

Un ano máis, a comisión de Conxo conseguiu sacar adiante as festas do barrio. Pese á súa mocidade, Laura e Pablo Aldrey, Cristina e Lucía Granja, Raquel López, Lucía Lago e Marcos Espantoso conseguiron recadar os fondos necesarios para mesmo ampliar o programa festivo. Así, grazas a este esforzo, e ao apoio da veciñanza, agardan que os festexos cumpran as previsión de todos, veciños e organización.

Cales son as expectativas para esta nova edición que organizan?

Desde un principio tiñamos unhas expectativas moi baixas, xa que a única intención era baixar o Rosario, pero grazas á achega dos veciños e de tódolos comercios, conseguimos facer catro días, que é moito máis do que esperabamos. O ano pasado fixemos tres e este temos máis cartos e decidimos gastalo todo nos festexos desta edición. Por iso, contamos con mellor programa e agardamos a presenza de máis xente.

Na programación destaca a continuación dos cantos de taberna, ademais da xornada de hoxe?

Os cantos de taberna tiveron moito éxito o curso pasado e foi unha demanda dos veciños, que querían que se mantivese. Despois, esa xornada quedaba un pouco coxa,



A COMISIÓN segue, un ano máis, destacando a mocidade dos seus integrantes. Foto: ECG

porque rematan ás 23.30, polo que ampliamos cun concerto de folk e outro de rock. A maiores, co resto do presuposto, fixemos o xoves coa orquestra Cinema, que foi unha gran sorpresa para o barrio e que ten gran acollida, xa que é de renome e había tempo que non se recibían grandes agrupacións. Polo tanto, estamos contentos porque cremos que temos un moi bo cartel e que pode atraer a moitísima xente.

Supoño que vostedes agardarán que

o tempo acompañe nestes días?

O tempo será crucial. Estamos vendo tódolos días Meteogalicia para saber a meteoroloxía das festas, pero agardamos que veña bo tempo e que a xente se anime a vir. O ano pasado, cremos que o tema de que a xente puidese estar de manga curta pola noite, foi crucial, polo que este queremos superar esas expectativas.

Consideran que a xente do barrio de Conxo está mentalizada para non

volver a perder estes festexos?

A nosa sensación, ao ir casa por casa, escoitando a tódolos veciños, é de ánimo, de querer que continuemos con isto. Foi moi difícil recuperala e ser capaces mantela, e mesmo de ampliála, custou o seu traballo. Por iso, cremos que a xente está contenta con esta festa, que se recupera esta cita histórica para Conxo e para Santiago. Estamos contentos e agradecidos polo apoio que hai detrás. Moitas veces, estar nunha comisión non da moitas alegrías, pero pola nosa banda estannos apoiando e a veciñanza tradicional contribúe tanto con diñeiro como animicamente.

Chama a atención a composición da súa comisión pola súa idade?

Temos un integrante menos, pero a media de idade está nos 30 anos. É atípico tamén que sexamos case todas mulleres, malia que o importante é que, formemos que a formemos, contribuíamos para sacar as festas adiante.

Por último, que lle dices á xente para que non se perda esta festividade?

Sabemos que é unha fin de semana con moitas festas na contorna, e fóra dela, polo que é complicado, pero cremos que temos un gran cartel con Cinema, Ruxe Ruxe, Furia Joven ou Costa Oeste, a maiores dun domingo coa gran tirada de fogos de artificios, que é era algo que xa non se facía nos barrios de Compostela, e que o estamos a recuperar. Hai un bo cartel e convidamos a tódolos veciños, a xente de Santiago e tamén dos arredores, a que veñan, porque seguro que o pasarán moi ben.

BRAIS FDEZ./SANTIAGO

byb asesores
Desde 1994, cuidando el futuro de tu empresa en:
Santiago / Pontevedra / A Coruña
981 534 070
byb.asesores@bybasesores.es
www.bybasesores.es
Avda. de Ferrol 41, bajo derecha • Santiago de Compostela

BARRIGOLA restaurante
servicio de catering
Avda. de Ferrol, 54 T. 881 978 880 Santiago

FORJAN
Carpintería
David Forján Salgado
616 512 876
forjancarpinteria@gmail.com
Carpintería Forján

o sabor que che gusta
PAN CERVELA
PANADERÍA - PASTELERÍA
Cervela a pastelería
OBRADOIRO: Avda. de Pontevedra, 101
T. 986 570 394 • F. 986 573 542

DESPACHOS:
A ESTRADA
• Avenida de Pontevedra, 9
T. 986 570 121
• Calvo Sotelo, 46 - T. 986 573 616
CUNTIS
• Jesús Sánchez, 4 - T. 986 548 728
CALDAS DE REIS
• Travesía Sagasta, 26 - T. 986 530 895
SANTIAGO DE COMPOSTELA
• Avda. de Vilagarcía, 21
T. 881 976 670
• Rúa Restollal, 50
C. Comercial Hiperpor
• Agro do Medio s/n - Supercor
Ames - Milladoiro

Tendencias Peluquería - Estética
Unisex
Avda. de Ferrol, nº 77 Bajo • Santiago de Compostela 981 525 621 Síguenos en: f

Restaurante • Café Bar
A DA CHARAII
Hai **CABRA** e **PULPO** os días 5, 6, 7, 8, 14 e 15.
Pulpeiro do Carballiño
(Os días 5 e 6 pulpo solo pola noite)
Tiro a chave
C/ Sanchez Freire, 134 • Campo de Conxo • Fronte a igrexa - Santiago

YA DISPONEMOS DE LOTERÍA DE NAVIDAD
ADMINISTRACIÓN DE LOTERÍAS nº13
Loterías y Apuestas del Estado
Avda. de Ferrol, 46 • Teléfono: 981 530 418 • Santiago de Compostela